



ELECCIÓN A CONSELLO ESCOLAR

COMUNICACIÓN A TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

En cumprimento da Resolución do 10 de setembro de 2024 (Dog n.º 180 de 18 de setembro), da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e aplicando o disposto no Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG do 29 de abril) e demais disposición vixentes, coméncase un novo **proceso electoral para a renovación parcial dos membros do Consello Escolar**, con representación dos distintos sectores que constitúen a comunidade educativa (pais/nais/titores legais, profesorado, alumnado, persoal de administración e servizos, Concello e ANPA).

A organización e supervisión deste proceso electoral está a cargo da Xunta Electoral, presidida pola Directora e integrada por **un pai/nai/titor legal, un membro do profesorado, un membro do alumnado e un representante do persoal de administración e servizos**, elixidos por sorteo público realizado o día 17 de outubro.

Nestas eleccións corresponde renovar **un** representante dos pais(nais/titores legais, **cinco** representantes do profesorado e **dous** representantes do alumnado.

Na elección correspondente ao sector de pais/nais/titores legais, so se poderá votar **un máximo dun/dunha candidato/a** dos que figuren na papeleta de votación. Terán dereito ao voto tanto o pai como a nai do alumno/a ou, de ser o caso, o seu titor ou titora legal.

Na elección correspondente ao sector do alumnado, poderase votar **un máximo de dous candidatos/as** dos que figuren na papeleta de votación. Na correspondente ao sector do profesorado, poderase votar, **un máximo de catro candidatos/as** dos que figuren na papeleta de votación.

O calendario electoral figura no reverso deste comunicado. A información pormenorizada está exposta no taboleiro de anuncios do Centro e na súa páxina web. O centro ofreceralle toda a información que demanden e porá a disposición das candidaturas os locais que precisen para a celebración dos seus actos electorais, previa comunicación á Xunta Electoral a efectos de coordinación.

Dada a importancia das competencias do Consello Escolar como órgano colexiado de control e goberno do Centro (elección de director/a, revisión do proxecto educativo, normas de organización e funcionamento, programación xeral anual, orzamentos,...), non quixera rematar sen convidalos/as a que presenten a súa candidatura ou ben voten á mellor opción das opcións presentadas.

Un cordial saúdo.

En Ourense, 15 de outubro de 2024

A Directora

CALENDARIO DO PROCESO ELECTORAL 2024

Renovación parcial	Yacantes a cubrir
Alumnado	2
Profesorado	4
Pais/nais/titores/titoras	1



17 de outubro	11,05 h	Sorteo público para a constitución da Xunta Electoral.
23 de outubro	20,00 h	Primeira reunión da Xunta Electoral. Constitución da Xunta Electoral. Aprobación do calendario electoral. Publicación dos censos electorais provisionais. Apertura do proceso electoral por sectores. Comunicación aso Concello e á ANPA para designar os seus representantes.f
Do 24 /10 ata 4/11	Ata as 13,30 h.	Período de reclamacións ao censo.
6 de novembro	11,00 h	Reunión claustro informativo (lectura da normativa e proposta de convocatoria para elección de representantes).
Do 30/10 ata 7/11	Ata as 13,30 h	Presentación de candidaturas en Oficina.
7 de novembro	20,00 h	Segunda reunión da Xunta Electoral. Aprobación dos censos definitivos. Proclamación de candidaturas. Sorteo público para designar os membros das mesas electorais. Apertura prazo de reclamación á proclamación das candidatura: días 9 e 10 de novembro.
9 de novembro		Inicio das campañas electoriais.
14 de novembro	20,00 h	Terceira reunión da Xunta Electoral se hai reclamacións á proclamación de candidaturas. Comunicación a pais/nais/titores/titoras das candidaturas do seu sector. Citación para a constitución das mesas electorais.
20 de novembro		Claustro extraordinario: eleccións sector profesorado
21 de novembro	De 8,30 a 12,25 h.	Votación do alumnado
21 de novembro	De 18,00 a 20,00 h	Votación dos pais/nais/titores/titoras
25 de novembro	20,00 h	Última reunión da Xunta Electoral para proclamar e publicar a listaxe de candidatos electos dos distintos sectores.
4 decembro	20,00 h	Reunión de constitución do novo Consello Escolar.